



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

ANUNCIO

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA MENOR “VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE O TERRON”, 2ª FASE”

A Xunta de Goberno Local deste concello en sesión ordinaria celebrada o día 9 de febreiro de 2016 aprobou o expediente de contratación da obra menor “VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE O TERRON”, 2ª FASE” cun investimento total de **102.113,72 euros, IVE engadido**, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS/15), segundo acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra do 30 de abril de 2015.

Tendo en conta que pola contía do contrato, IVE excluído, se trata dun contrato menor de obras, polo que, aos efectos previstos no artigo 178.1 do TRLCSP aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, este concello procedeu a solicitar presuposto a cinco empresas que, a xuízo desta Alcaldía, están capacitadas para a realización da obra obxecto do contrato.

Non obstante ó anterior se abre a licitación a todas aquelas empresas que estean interesadas en participar na mesma, para que no prazo de **10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no perfil do contratante da páxina web municipal**, presenten no concello a súa oferta económica para a execución da dita obra na forma descrita no prego de condicións administrativas particulares que se anexa a este anuncio. O proxecto técnico redactado polo arquitecto Manuel González Sanchidrián pode ser consultado na Secretaría Xeral deste concello en horario de oficina.

Vilanova de Arousa a 9 de febreiro de 2015

O ALCALDE

GONZALO DURÁN HERMIDA



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arosua
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

ANEXO

PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE O TERRON”, 2ª FASE”.

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.-

1.1 O obxecto do contrato consiste na execución das obras de “VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE O TERRON”, 2ª FASE”, en Vilanova de Arousa, conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto D. Manuel González Sanchidrián.

1.2. A súa codificación obra, conforme ao artigo 6.1. do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, (en adiante TRLCSP) e ao Anexo I da mesma é a seguinte:

Descrición: Construción de todo tipo de edificios.
Código CPV: 45210000.

1.3.0 proxecto técnico contén todos os datos necesarios para a execución da obra, considérase un documento contractual vinculante para as partes e forma parte integrante do presente prego.

1.4. Para o caso de existir discrepancias entre o disposto no proxecto e o prego de cláusulas administrativas particulares, estarase ao disposto neste último.

1.5. A dirección e inspección das obras correspóndelle ao Director da Obra nomeado polo órgano de contratación que está facultado para ditar as instrucións necesarias ao contratista vindo obrigado este a cumprilas.

1.6. Aos efectos previstos no artigo 126.1 do TRLCSP consta no expediente o acta de replanteo do proxecto con data 29 de xaneiro de 2016.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

SEGUNDA.- PREZO DO CONTRATO.-

O orzamento de execución por contrata comprende os seguintes conceptos:

Total execución material: 70.917,23 €

Gastos xerais da empresa, correspondéndolle a porcentaxe do 13 % sobre o orzamento de execución material: 9.219,24 €.

Beneficio industrial: 6 % do orzamento de execución material: 4.255,03 €.

21 % IVE: 17.722,22 €

Total execución por contrata: 102.113,72 €

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

3.1. A obra financiarase integramente con cargo á subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra do 30 de abril de 2015, estando incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (PPOS) 2015 da mesma.

3.2. A aplicación orzamentaria do orzamento do concello para 2015 que contempla o financiamento do investimento e a seguinte: 3420.62200.

3.3. O destinatario que deberá constar na correspondente certificación de obra será a concellería delegado de urbanismo, obras e servizos. O servizo administrativo da Corporación que xestionará o gasto será a Intervención Xeral, correspondéndolle a xestión do pago á Tesourería municipal.

3.4. Exclúese expresamente do presente contrato a revisión de prezos prevista nos artigos 89 e seguintes do TRLCSP.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

3.5. Facturación electrónica.- Será de aplicación neste contrato o disposto na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

CUARTA.- PRAZO DE EXECUCIÓN

4.1. O prazo máximo de execución da obra será dun mes. O contratista está obrigado a cumprir o contrato na súa totalidade dentro do citado prazo.

4.2. Nos termos previstos no artigo 229 do TRLCSP o acta de comprobación do replanteo da obra deberá realizarse nun prazo non superior a un mes contada desde a data de formalización do contrato.

4.3. De incumprir o prazo o contratista incorre automaticamente en demora, podendo o concello acordar a resolución do contrato.

QUINTA.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, NATUREZA DO CONTRATO, FORMA DE TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.-

5.1. O órgano de contratación competente neste expediente é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía segundo o Decreto do 15 de xuño de 2015.

5.2. O presente contrato tipifícase como de obras ao ter como obxecto a realización dunha obra ou a execución dalgún dos traballos enumerados no artigo 6.1. en relación co Anexo I TRLCSP.

5.3. O contrato adxudicarase a través do procedemento negociado sen publicidade ao atoparse incluído no suposto previsto nos artigos 171 d) e 177.2 do TRLCSP, por estar comprendido o presuposto base de



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

licitación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, entre os límites de 50.000,00 e 200.000 €.

5.4. A forma de tramitación do expediente de contratación será a ordinaria.

5.5. Unha vez aprobado o expediente de contratación pola Xunta de Goberno Local polo Alcalde se solicitará directamente e mediante invitación concreta ofertas a tres ou máis empresas capacitadas conforme ao disposto no artigo 178.1 do TRLCSP.

SEXTA.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.-

6.1. Dada a contía do contrato, non resulta esixible a clasificación do contratista de conformidade co disposto no artigo 65.1.a), parágrafo segundo, do TRLCSP.

6.2. Poderán contratar co concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar mediante a presentación da declaración responsable conforme ao modelo do Anexo II do presente prego nos termos previstos no artigo 73 do TRLCSP.

6.3. Os licitadores deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais adecuados e suficientes para a debida execución do contrato.

6.4. Ademais dos ditos requisitos, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica por algunhas das seguintes formas:



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

a) Ben a través dun certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que o licitador achegue.

b) En defecto do anterior, ben a través dos medios de xustificación que, nos termos previstos nos artigos 62, 75 e 76 do TRLCSP se relacionan na cláusula 12.12. do presente prego.

6.5. Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que tiveren participado na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que a dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 56.1 TRLCSP).

6.6. Os que contraten co concello, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. No caso de se actuaren en representación dun terceiro ou dunha persoa xurídica, deberá xustificarse a mesma ante o órgano de contratación mediante a achega do correspondente documento no que conste o poder outorgado ao seu favor.

SÉTIMA.- GARANTÍAS.-

7.1. Non se esixe garantía provisional.

7.2. O importe da garantía definitiva será do 5% do prezo de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, e poderá constituírse en calquera das formas previstas no art. 96 do TRLCSP. A súa duración se estenderá ata que sexa autorizada a súa cancelación polo órgano de contratación.

7.3. A constitución da garantía definitiva deberá ser acreditada polo contratista dentro do prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento para presentar a documentación



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

correspondente consonte ao establecido no artigo 151.2 do TRLCSP e ao disposto na cláusula 12.12. do presente prego.

7.4. No caso de incumprirse este requirimento polo contratista o concello poderá efectuar unha nova convocatoria ou adxudicar o contrato ao licitador seguinte a aquel que incumpriu a obriga, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario prestase a súa conformidade, en cuxo caso se lle concederá a este un prazo de dez (10) días hábiles para presentar a documentación a que se refire o apartado anterior.

OITAVA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.-

8.1. Xunto coas invitacións a un mínimo de tres empresas que se dirixan pola Alcaldía para presentar as súas ofertas xuntarase a seguinte información unha copia do presente prego de condicións.

8.2. De precisarse polos interesados outros documentos para a presentación da súa oferta, poderán solicitarse a este concello, quen entregará as copias que se recollerán persoalmente nas oficinas municipais ou, no seu defecto, remitíndoas por mensaxeiro ou entrega de paquetería baixo a modalidade de portes debidos. Da remisión e recepción polo interesado deixarase a debida constancia no expediente.

8.3. A obtención de información poderase efectuar na Secretaría Xeral do Concello de Vilanova de Arousa. Praza do Concello nº 1. Teléfono 986554021.Fax: 986554069.

NOVENA.- PRAZO E REQUISITOS DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS.-

9.1. Os licitadores deberán presentar as súas ofertas no prazo de dez (10) días hábiles seguintes ao día



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

de recepción das invitacións a que se refire a cláusula 5.5 e 8.1 do presente prego, nos termos previstos no artigo 177.3 en relación co artigo 164.2 do TRLCSP.

9.2. As ofertas deberán axustarse ao previsto neste prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo licitador do contido da totalidade das súas cláusulas e condicións, así como do proxecto técnico, sen salvedade ou reserva algunha.

9.3. A presentación poderá realizarse ben persoalmente, no Rexistro Xeral do Concello de Vilanova de Arousa, ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado, ou ben en calquera das dependencias administrativas enumeradas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante LRXPAC).

9.4. No caso de envío por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da LRXPAC, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado.

9.5. O Rexistro Xeral do Concello de Vilanova de Arousa, sito na praza do Concello, nº 1, CP 36620, ten horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, e de 9:00 a 13:00 horas os sábados.

9.6. Se o último día de presentación de proposicións coincidise en domingo ou día festivo prorrogarase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte a este.

9.7. A presentación das proposicións deberase realizar nunha soa das dependencias administrativas de



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

entre as varias que existen para poder lévala a cabo, rexeitándose no caso contrario todas as presentadas polo interesado.

9.8. Toda a documentación das proposicións presentadas deberá estar redactada en galego ou en castelán de conformidade co artigo 35.d) da LRXPAC. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao castelán ou galego.

9.9. Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal de empresas (UTE) con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por él subscritas.

DÉCIMA.- FORMA DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS.-

10.1 Os licitadores deberán presentar as súas ofertas ou proposicións en dous sobres distintos e pechados denominados A e B, debendo conter a seguinte identificación no seu exterior:

Sobre (A ou B): Poñer a letra en función do sobre correspondente.

Denominación do contrato:

Nome do licitador:

CIF:

Enderezo:

Correo electrónico:

Teléfono de contacto:

Sinatura do licitador ou da persoa que o represente:



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

SOBRE A.- DOCUMENTACIÓN XERAL

Presentarase pechado e cos seguintes documentos:

--Declaración responsable subscribida pola persoa que asine a proposición, de acordo co modelo que se adxunta no **Anexo II**.

--Copia compulsada da súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu caso.

SOBRE B.- OFERTA ECONÓMICA

Presentarase pechado e cos seguintes documentos:

--Modelo de proposición económica seguindo o modelo determinado no **Anexo I** do prego de condicións, asinado e selado.

En caso de discrepancia entre as cantidades consignadas en número e letra, prevalecerán as primeiras sobre as segundas.

10.2. Serán descartadas automaticamente aquelas proposicións que se presenten que superen o orzamento base de licitación.

10.3. Non se aceptarán aquelas propostas que conteñan omisións, erros ou rascaduras que impidan coñecer claramente ou que o concello estime fundamental para considerar a oferta.

10.4. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, poderá ser descartada polo órgano de contratación.

10.5. As proposicións presentadas teñen carácter firme e deben manterse, en todo caso, ata o cumprimento ou resolución do contrato.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

DÉCIMO PRIMEIRA.- CRITERIO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.-

O único criterio para a adxudicación do contrato será o da mellor oferta económica.

DÉCIMO SEGUNDA.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.-

12.1. Unha vez que remate o prazo de presentación das ofertas ou antes si se houberan recibido as ofertas de todas as empresas convidadas á licitación, a Mesa de Contratación examinará a documentación contida no sobre A e propondrá a admisión ou o rexeite, no seu caso, dos licitadores presentados.

12.2. Si a Mesa observara defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, o comunicará aos interesados mediante correo electrónico e concederá un prazo non superior aos tres días hábiles, para que o licitador corrixa ou subsane o erro ante a propia Mesa de Contratación, baixo apercebimento expreso de exclusión da licitación no caso contrario.

12.3. O acto de apertura das proposicións económicas (sobre B) se celebrará no lugar, día e hora que se sinala nun acto público que se comunicará por correo electrónico a todos os licitadores mínimo de tres días de antelación a súa celebración.

12.4. A celebración deste acto poderá coincidir coa xuntanza da Mesa de Contratación a que fai referencia o parágrafo anterior sempre que todos os licitadores presentaran correctamente toda a documentación.

En caso contrario, tamén se procederá á apertura das proposicións económicas, si ben a admisión das propostas será condicionada para aqueles licitadores que teñan que completar ou subsanar a documentación presentada consonte o disposto no apartado 2 da presente cláusula.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

12.5. O acto de apertura das proposicións económicas deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado desde a data de finalización do prazo para presentar as proposicións nos termos do artigo 160.1 do TRLCSP.

12.6. Co obxectivo de formular a correspondente proposta de adxudicación, a Mesa de Contratación poderá solicitar cantos informes estime precisos co fin de valorar as ofertas presentadas. Unha vez vistos e analizados os informes requiridos, formularase proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

12.7. A Mesa de Contratación clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e elevará á Xunta de Goberno Local a pertinente proposta motivada de adxudicación que non creará dereito algún en favor do licitador proposto fronte ao concello.

12.8. A Mesa de Contratación propondrá ao órgano de contratación a exclusión das ofertas presentadas que incorran en algún ou en todos dos seguintes defectos:

a) Cando a oferta non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida.

b) Cando a oferta non xunte a documentación esixida no presente prego.

c) Cando a oferta económica exceda do prezo do contrato

O órgano de contratación adoptará acordo de rexeitamento da oferta mediante resolución motivada. O dito acordo se adoptará ao adxudicarse o contrato.

12.9. O órgano de contratación procederá, ben a articular o procedemento negociado en fases de conformidade co artigo 178.2. TRLCSP ou ben, á vista da proposta motivada da Mesa de Contratación, procederá sen mais á clasificación por orden decrecente das proposicións presentadas e admitidas a iniciar a fase de adxudicación atendendo ao criterio sinalado na cláusula 11ª deste prego.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

12.10. De se obter un resultado de empate entre as proposicións que acaden o primeiro posto, iniciarase unha segunda fase antes de elevar o expediente ao órgano de contratación.

A tal efecto a Mesa de Contratación o comunicará á alcaldía, quen convidará as empresas que acadaran o primeiro posto con resultado de empate, a través da dirección de correo electrónico indicado, a presentar, nun prazo non superior a corenta e oito horas, unha segunda oferta que mellore a primeira. Unha vez recibida esta segunda oferta se volverá a valorar pola Mesa de Contratación.

12.11. No procedemento tense que facilitar a mesma información aos candidatos. En ningún caso proporcionarase información particular que poida supor unha vantaxe para algún candidato en detrimento dos outros. De todas as actuacións que se leven a cabo durante a negociación haberá que deixar constancia no expediente.

12.12.- En caso de que non sexa necesario dilucidar o empate a que se refiren os apartados anteriores, o órgano de contratación, mediante escrito da alcaldía, requirirá ó licitador coa oferta máis vantaxosa para o concello para que dentro do prazo de dez (10) días hábiles establecido no artigo 151.2 do TRLCSP, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o dito requirimento, presente no Rexistro Xeral do concello a seguinte documentación:

A) Cando co sobre A se houberse presentado a copia da inscrición do licitador no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nestes casos deberá achegarse a seguinte documentación:

1) A acreditación de estar a corrente nas débedas de natureza tributaria en período executivo co concello de Vilanova de Arousa, expedida polo ORAL.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

2) O documento acreditativo de ter depositado a favor do concello a garantía definitiva nos termos previstos na cláusula 7.3. do presente prego.

No suposto de que o prazo de validez de algunha das informacións contidas no certificado do Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia estivera caducado, o licitador deberá suplir dita caducidade co documento acreditativo correspondente conforme ao establecido no apartado B do parágrafo seguinte.

B) En caso contrario achegarase a seguinte documentación:

a) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario.

Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

Persoas xurídicas:

1) Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

2) Fotocopia da tarxeta del código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

b) Poderes.- Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante o concello.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

c) Solvencia económica e financeira.- Deberase achegar unha declaración dunha entidade financeira acreditando a solvencia económica e financeira do licitador para a execución do contrato nos termos previstos no artigo 75.1 do TRLCSP.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

d) Obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

i. Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido nos artigos 13, 14 e 15 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

ii. Documentación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, achegando a tal efecto, o documento do alta na matrícula do imposto, referida ao exercicio corrente ou ben a copia da carta de pagamento do imposto do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. No caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ao respecto.

iii. A acreditación de estar ao corrente nas débedas de natureza tributaria en período executivo co Concello de Vilanova de Arousa, expedida polo ORAL.

e) O documento acreditativo de ter depositado a favor do concello a garantía definitiva nos termos previstos na cláusula 7.3. do presente prego

f) Escritura de formalización da Unión Temporal de Empresas. No caso de que o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresas, deberá achegar a escritura pública de formalización da mesma, que debe ter unha duración coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

g) Índice de documentos que integran o sobre. Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.13. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, e se requirirá nese caso a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orden en que quedaran clasificadas as empresas.

12.14. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes a



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

recepción da devandita documentación consonte ao establecido no artigo 151.3 do TRLCSP. Neste procedemento a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

12.15. A adxudicación será motivada e terá o contido sinalado no artigo 151.4 do TRLCSP e deberá indicar o prazo no que debe procederse á formalización do contrato. Será notificada aos licitadores mediante correo electrónico e simultaneamente publicarase a través da páxina web do concello “www.vilanovadearousa.com”.

12.16. No acordo de adxudicación deberá nomearse ao director da obra.

12.17. A empresa seleccionada, así mesmo, deberá de achegar á Secretaría Xeral do concello, con anterioridade á formalización do contrato a seguinte documentación:

-- Potestativamente, a designación do representante do contratista na obra.

--0 Plan de Seguridade e de Saúde no traballo, de acordo co establecido no RD 1627/1997 que será informado polo coordinador de seguridade e saúde e aprobado polo órgano de contratación con carácter previo á acta de comprobación do replanteo, en consecuencia, ao inicio das obras.

DÉCIMO TERCEIRA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

13.1. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

13.2. A formalización do contrato deberá efectuarse non mais tarde dos quince (15) días hábiles seguintes a aquel en que se envíe a notificación ao adxudicatario e resto de candidatos consonte ao previsto no artigo 151.3, parágrafo terceiro, do TRLCSP.

13.3. O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizárase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo a súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

13.4. Simultaneamente coa sinatura do contrato deberá ser asinado polo adxudicatario o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que formará parte do contrato como anexo ao mesmo.

13.5. Cando por causas imputables ó contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, o concello poderá acordar a súa resolución.

13.6. A formalización do contrato publicarase a través da páxina web do concello www.vilanovadearousa.com. Ademais, por razón da contía do contrato, non sendo necesaria a súa publicación no BOP ao non exceder o prezo do contrato dos 100.000,00 € segundo o disposto no artigo 154.2 do TRLCSP.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGAS XERAIS DO CONTRATISTA.-

14.1. O adxudicatario queda obrigado a executa-las obras:

a) Con estrita suxeición ás estipulacións contidas no prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico que serve de base ao contrato.

b) Con estrita suxeición a cantas instrucións para a súa interpretación dese ao contratista o concello.

c) Con estrito cumprimento de cantas disposicións de carácter laboral e fiscal sexan de aplicación ao contrato, sendo da súa conta e risco todo o referente a accidentes de traballo, normas de seguridade e hixiene e de protección á industria. A tal efecto deberá de acomodarse ao Plan de Seguridade e Saúde no Traballo que debe presentar para a súa aprobación polo órgano de contratación antes do inicio das obras, así como ás instrucións dadas polo coordinador en



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

materia de seguridade e saúde no curso da execución das obras.

d) O contratista deberá en todo caso axustarse á diferente normativa que rexe as relacións laborais no seno da súa empresa, así como as de todo o ordenamento xurídico laboral e social, incluso a aquelas normas deste carácter que entren en vigor con posterioridade á formalización do mesmo e durante o período de execución.

e) Expresamente precísase que non xurdirá relación contractual de ningún tipo entre o concello e o persoal ao servizo da empresa a consecuencia da execución do contrato por esta.

14.2. O contratista está igualmente obrigado a colocar o cartel anunciador da obra, coas dimensións e características que se sinalen desde o Concello.

14.3. Así mesmo, deberá instalar sinais indicativas de obras, perigo, precaución e outras esixibles consonte ó Código de Circulación, normativa sobre seguridade e saúde e demais aplicable, e adoptar tódalas precaucións precisas dende o comezo ata a finalización das obras, sendo responsable dos danos e prexuízos motivados polo incumprimento desta cláusula.

14.4. O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto técnico aprobado e toda a documentación que o integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, sempre e cando sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

DÉCIMO QUINTA.- DEREITOS DO CONTRATISTA.-

Terá os seguintes:

--Ao abono da obra con arranxo ás cláusulas do presente Prego.

--Á posta a súa disposición, polo concello, dos terreos necesarios para a execución das obras, así como cantos permisos e autorizacións sexan necesarios e sexan da súa competencia.

--A resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, por causas imputables ao concello.

DÉCIMO SEXTA.- RESPONSABILIDADES DO CONTRATISTA.-

16.1. O contrato executarase a risco e ventura do contratista.

16.2. Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía o contratista é responsable da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que, en principio, sexa eximinte nin lle outorgue dereito algún a circunstancia de que o Director examinase ou recoñecese as partes e unidades ou materiais empregados.

16.3. Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que haxa expirado o prazo de garantía da obra. Cando tales danos e prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do concello, será este responsable dentro dos límites establecidos na lei.

16.4. Responsabilidade por vicios ocultos: O contratista responderá, durante os 15 anos seguintes á data



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

da recepción das obras, dos danos e prexuízos ocasionados por ruína destas, motivada por vicios ocultos na construción, debido ó incumprimento do contrato.

16.5. Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados ao concello ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras. A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

16.6. O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e o prazo convido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

16.7. O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación de devolución da garantía definitiva.

DÉCIMO SÉTIMA.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN.-

Estarase ao disposto nos artigos 226, 227 e 228 do TRLCSP, facéndose constar que o contratista non poderá subcontratar mais dun 20% das unidades de obra.

DÉCIMO OITAVA.- MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS.-

Procederán exclusivamente nos casos previstos pola lexislación contractual, tramitándose segundo esta.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

DÉCIMO NOVENA.- RECEPCIÓN DA OBRA. PRAZO DE GARANTÍA.-

19.1. O acto de recepción instrumentarase nunha acta redactada para o efecto, que subscribirán, como facultativo designado polo concello, o encargado da dirección da obra, e o contratista, quen poderá estar asistido do seu propio facultativo.

19.2. Cando as obras non estean en condicións de ser recibidas farase constar así na acta e o director de obra sinalará os defectos detectados, detallará as instrucións precisas e fixará un prazo para corrixilos. Corrixidos os defectos ou transcorrido simplemente o prazo sinalado para facelo redactarase a acta de conformidade ou, no seu defecto concederase un novo prazo para levar a cabo a corrección ou declararase resolto o contrato.

19.3. Para a recepción e liquidación das obras estarase ao disposto nos artigos 222 e 235 do TRLCSP e 163 e seguintes do Real Decreto 1098/2001.

19.4. Efectuada a recepción formal das obras, comezará a contar o prazo de garantía que terá unha duración de 12 meses, salvo que o contratista ofertara un prazo maior.

Durante o prazo de garantía aplicarase o establecido no artigo 167 do Real Decreto 1098/2001 en canto ás obrigas do contratista, así como no relativo á facultade do concello de, en caso de incumprimento, executar a costa daquel os traballos necesarios para a conservación e mantemento.

19.5. Tódolos gastos que se ocasionen pola conservación ou ben funcionamento das obras durante o período de garantía serán de conta do contratista, non tendo dereito a ningunha indemnización por este concepto. Exceptuáranse os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados polo concello, si ben este terá a facultade de esixir ao contratista que realice as obras de reparación.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

19.6. Transcorrido o prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato ditarase acordo de devolución da garantía ou cancelación do aval.

Non obstante ó anterior, o contratista responderá, durante os 15 anos seguintes á data da recepción das obras, dos danos e prexuízos ocasionados por ruína destas, motivada por vicios ocultos na construción, debido ó incumprimento do contrato.

VIXÉSIMA.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

20.1. A resolución do contrato rexerese polo establecido con carácter xeral nos artigos 222 a 225 do TRLCSP e especificamente para o contrato de obras nos artigos 237 a 239 de dita lei, así como nos artigos 109 a 113 e 172 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

20.2. A demora na súa execución que poida supor a perda de subvencións ou axudas outorgadas a este fin, de selo caso, poderá ser causa de resolución, independentemente das indemnizacións por danos e prexuízos que se deriven a favor do concello.

20.3. O contrato poderá extinguirse por algunha das causas de resolución enumeradas nos artigos 224 e 237 do TRLCSP.

20.4. Así mesmo, considerarase como causa expresa de resolución do contrato calquera descuberto por parte da empresa no pagamento á Seguridade Social das cotas procedentes dos traballadores afectos á obra, así como o incumprimento, por parte da empresa, das súas obrigas salariais que supoñan a falta de aboamento de calquera nómina mensual, paga extraordinaria ou gratificacións por importes equivalentes a calquera das dúas anteriores.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO.-

21.1. En todo o non previsto expresamente no presente prego de condicións estarase ó disposto, en canto á preparación, adxudicación, efectos e extinción do contrato ao previsto no TRLCSP e no que sexa aplicable, ao previsto no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP) en todo o que non contradiga o dito TRLCSP.

21.2. O contratista acepta de forma expresa a submisión ao presente prego e á lexislación anteriormente citada. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En caso de contradición entre o contido deste prego, o proxecto técnico e o precisado con carácter obrigatorio pola normativa de directa aplicación, estarase ao disposto por esta última.

21.3. O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte deste, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- XURISDICIÓN COMPETENTE.-

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato serán resoltas polo órganos de contratación. Estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa a teor da lei de dita xurisdición. Non obstante, os interesados poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 116 e 117 da LRX-PAC.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

VIXÉSIMO TERCEIRA.- MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos presentados e procederá á apertura de proposicións, elevando a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente para efectuar a adxudicación do contrato.

Terá a seguinte composición:

PRESIDENTE: Javier Bouzada Romero, Secretario Xeral do concello.

SECRETARIA: D^a Magdalena Méndez Suárez, Técnico de Administración Xeral.

VOGAIS: D^a Susana Serantes Álvarez Interventora accidental do concello.

D. Miguel Ángel Martínez Del Valle, Arquitecto Técnico Municipal.

D. David Vidal Paz, funcionario do concello.

A Mesa de Contratación poderá recabar cantos informes técnicos sexan precisos para realizar a súa proposta.

Calquera modificación da composición da Mesa será acordada polo Alcalde e comunicada a través páxina web do concello "www.vilanovadearousa.com"., dentro do perfil do contratante.

Vilanova de Arousa a 8 de febreiro de 2016.

DILIXENCIA.- Se estende para facer constar que o expediente de contratación do que forma parte o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 9 de febreiro de 2016.

O SECRETARIO XERAL.-

Asdo: Javier Bouzada Romero.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA (SOBRE B)

D _____ con DNI nº: _____, actuando en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar e actuando en nome propio ou en representación da entidade _____ con CIF _____, e enderezo _____ a efectos de notificacións en _____, participa no procedemento negociado sen publicidade tramitado polo Concello de Vilanova de Arousa para a contratación da obra de _____ e, sendo coñecedor das condicións, requisitos e obrigacións establecidas no prego de condicións administrativas particulares e do proxecto técnico do mencionado procedemento de contratación, fai constar:

Primeiro.- Que se compromete a executar o contrato, con estrita suxeición aos pregos de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto técnico, documentos contractuais que acepta.

Segundo.- Que de acordo co criterio de selección establecido no prego, oferta o seguinte prezo:

Prezo Base:

IVE:

Prezo Total:

Terceiro.- Que, para o caso de que se propoña a adxudicación do contrato a noso favor, comprométese a presentar ante o órgano de contratación a documentación requirida, no prazo legalmente previsto e conforme se establece no presente prego.

Cuarto.- Que acepta expresamente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto.

Quinto.- Que realiza tódalas anteriores declaracións baixo a súa responsabilidade consciente de que a falsidade nas mesmas entrañaría, no seu caso, un delito de falsidade en documento público.

Lugar, data e sinatura do proponente.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Denominación do contrato:

Data da declaración:

Datos do declarante:

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección a efectos de práctica de notificacións:

(no caso de actuar en representación)

Entidade mercantil á que representa:

NIF:

Cargo:

Declaro responsablemente:

- Que a entidade que represento ten personalidade xurídica e capacidade xurídica para a execución do contrato.
- Que eu, en representación da persoa xurídica licitadora dispoño de poder bastante para actuar en nome desta ante o concello de Vilanova de Arousa.
- De ser o caso, que a esta licitación preséntase como unión temporal de empresas, indicando os nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicataria, de conformidade co TRLCSP e a cláusula 9.9. do presente prego:

.....
.....
.....

(Neste caso, esta declaración responsable será subscrita por todos os representantes das empresas da UTE).



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

- Que a entidade que represento dispón da solvencia económico-financeira e técnica ou profesional esixida para participar na licitación.
- Que nin o asinante da declaración, de ser persoa física ou licitador, nin a entidade licitadora á que represento, de ser o caso, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incursos nalgún dos suposto aos que se refire o artigo 60 do TRLCSP.
- Que non forman parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma.
- Que no capital da empresa licitadora non participan nos termos nin contías sinaladas na lexislación anterior o persoal nin os cargos electos ao servizo do concello de Vilanova de Arousa, nin os seus cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes respectos dos que aqueles ostenten a representación legal.
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e co Concello de Vilanova de Arousa impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pago ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.

- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ao grupo de empresas
... ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

a)
.....
.....

b)
.....
.....,

etc.

- Autoriza expresamente ao concello de Vilanova de Arousa para solicitar, no seu caso, a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

- Autoriza ao órgano de contratación do concello a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Data e sinatura.